

Atlántico

“Tento dar conta do que acontece ao meu redor, interpretándoo sen o xulgar”



A. BAENA 14/out./11

Fran Alonso (Vigo, 1963) é escritor, xornalista e editor. Subdirector para a Edición Xeral en Xerais, como escritor ten no seu haber máis de 17 títulos que lle valeron premios como o Blanco Amor de Novela, o Losada Diéguez, o Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil ou a distinción White Ravens da Biblioteca Internacional de Múnic. Ten obra en catro idiomas e acaba de publicar o seu último libro, *Ninguén*, tamén con Xerais, en galego.

- Neste libro analiza as relacións sociais da actualidade, teñen mudado moitos nos últimos anos?
- En *Ninguén* reflexiono sobre a vecindade cunha mirada indiscreta do que percibimos pola aparencia ou escoitamos a través das paredes; pero tamén é unha análise sobre como as novas tecnoloxías (internet, os móbiles) inflúen no noso hábito de comunicación. Agora as nosas relacións sociais pasaron a basearse na proximidade a ser mediatizadas pola tecnoloxía.
- É unha reflexión optimista ou feita dende a morriña?
- Non me gusta a melancolía, pero tampouco é positiva. Limítome a dar conta do que acontece no meu tempo; trato de interpretalo sen o xulgar.
- Trátase dun ensaio con faciana de novela de ficción?
- É totalmente ficción. Son moitas historias entrelazadas a través dos *hoax*, os bulos que chegan a través do e-mail.